

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A asignatura de Educación Plástica, Visual e Audiovisual é unha materia do bloque de materias obrigatorias para o primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, impatíndose en Galicia en 1º e 3º da ESO .

Ten como finalidade desenvolveralumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico dos linguaxes visuais para comprender e interpretar a realidade. Busca potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional a través do uso dos recursos plásticos, visuais e audiovisuais e contribuir ó desarrollo integral do alumnado e o disfrute do entorno natural, social e cultural. A linguaxe visual necesita de dous niveis interrelacionados de desenvolvemento: o saber ver para comprender e o saber facer, para poder comunicarse creativamente e profundizar no coñecemento e no autoconñecemento.

Os contidos de 3º da ESO presentanse en catro bloques interrelacionados; bloque 1: Patrimonio artístico e cultural; bloque 2: Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica; bloque 3: expresión gráfico-plástica e técnicas: fundamentos e procedementos e bloque 4: imaxe e comunicación visual e audiovisual.

É importante facer chegar ó alumnado o legado histórico, natural e cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, contribuíndo á formación cultural e artística do alumnado e permitindo a súa comprensión, valoración e disfrute. A posta en valor do noso patrimonio, así como o coñecemento de artistas pioneiros e contemporáneos - nacionais e internacionais- é fundamental á hora de conectar co alumnado e poder así tratar diferentes campos da creación artística; pintura, escultura, fotografía, debuxo, cine, deseño gráfico, arquitectura, deseño de moda, etc.

Cabe resaltar a capacidade da arte para ensinar a valoración do proceso sobre o resultado, a capacidade de resposta múltiple ante unha mesma problemática e o desenvolvemento do pensamento diverxente. Traballarase dende a transversalidade, pero sen perder de vista os obxectivos e ocupacións propias da ensinanza nas artes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Expresión gráfico-plástica e técnicas.	Técnicas secas e húmidas; lapis de distintas durezas, lapis de cor, ceras, tintas e	33	26	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Expresión gráfico-plástica e técnicas.	collage. O proceso creativo. O esbozo. Introducción aos sistemas de representación.	33	26	X		
2	Fundamentos da imaxe; forma, cor e textura. Percepción visual e composición. Publicidade.	Elementos básicos de la comunicación visual; forma, cor e textura. Percepción visual. Fundamentos da composición. Publicidade.	33	23		X	
3	Comunicación visual e audiovisual	Lectura e análise de comic; o storyboard. A imaxe en movemento; stopmotion. A fotografía.	34	21			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Expresión gráfico-plástica e técnicas.	26

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Recoñece e valora as dintitas técnicas e linguaxes artísticas vistas na clase e é capaz de contextualizar a importancia da mesma.	PE	20
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Emprega correctamente as distintas técnicas gráfico-plásticas secas e/ou húmidas e adecúase en cada caso ás necesidades de cada enunciado.	TI	80
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Elabora proxectos complexos e persoais, introducindo no proceso as referencias culturais e artísticas mulleres, amosando unha visión persoal do seu traballo, dende o boceto inicial ata o resultado final do mesmo.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Manexa as distintas técnicas vistas na clase para a elaboración de proxectos persoais, adecuándose ó obxectivo proposto empregando adecuadamente as distintas técnicas e soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Elabora un proxecto en grupo entendendo e poñendo en práctica o aprendido na teoría sobre construcións en tres dimensións e vistas diédricas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
2	Fundamentos da imaxe; forma, cor e textura. Percepción visual e composición. Publicidade.	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Análisis de distintas obras de arte; técnicas e ferramentas, soportes e reflexión crítica.	PE	20
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Análisis de distintas obras de arte; técnicas e ferramentas, soportes e reflexión crítica.		
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Obra colectiva na que traballaremos en distintos equipos e fases, empregando o collage e a estampación entre outras técnicas posibles.	TI	80
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Cartel publicitario basándonos nas obras tipográficas da contorna local.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Análisis guiado dun anuncio publicitario nas súas distintas fases. Creación dun anuncio propio versionando o analizado anteriormente na clase.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Argumentar e debatir na aula a cerca de distintas obras e xéneros artísticos. Opinión persoal e crítica que abordaremos ó longo de todo o curso de maneira oral e participativa na aula.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Argumentar e debatir na aula a cerca de distintas obras e xéneros artísticos. Aspectos formais que determinan as distintas disciplinas artísticas. Abordarase ó longo de todo o curso de maneira oral e participativa na aula.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Análisis guiado dun anuncio publicitario nas súas distintas fases. Creación dun anuncio propio versionando o analizado anteriormente na clase.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Obra colectiva no que traballaremos en distintos equipos e fases, empregando o collage e a estampación entre outras técnicas posibles.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Cartel publicitario basándonos nas obras tipográficas da contorna local.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.

UD	Título da UD	Duración
3	Comunicación visual e audiovisual	21

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Análisis dos aspectos estéticos, connotativos e denotativos de distintas producións visuais ou audiovisuais.	PE	33
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Análisis da obra de un creador ou creadora galegos do mundo do comic.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Comic; expresións faciais, persoaxes, técnicas e linguaxe ou storyboard.	TI	67
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Realización de fotografía/s basándonos na obra de distintos autores/as galegos e a súa linguaxe particular.		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realización dunha obra audiovisual coa técnica do stopmotion.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Exposición do traballo de video/stopmotion realizado na aula; proceso, elaboración e resultado final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Creemos na importancia dunha enseñanza integradora, baseada na complementariedade de distintos métodos, que se adapte á diversidade do alumnado, con tarefas de distinta duración ó longo do curso e que plantee revisións según as necesidades que vaian surxindo nos distintos grupos e momentos do curso escolar.

O rol da profesora debe ser ó mesmo tempo o de guía e mediadora, basándonos sempre no coñecemento e vinculando entre sí os distintos bloques de contidos da materia, na medida do posible. Favorecese a creación de aprendizaxes significativos, partindo de coñecementos previos e centrándonos nunha ensinanza constructivista que respetará os distintos ritmos de aprendizaxe e as intelixencias múltiples.

Para o deseño das actividades, como norma xeral, emplearase unha metodoloxía de investigación baseada en artes, que fará fincapé no enfoque interdisciplinar, apoiando a presenza das artes en distintas disciplinas así como no mundo laboral actual, relacionando os coñecementos entre sí así como con outras materias do nivel educativo, cando sexa posible.

En canto á avaliación, o alumnado sereá avaliado mediante traballos ou probas escritas. Ó longo do curso o alumnado poderá sempre que así o desexe repetir ou mellorar un traballo para subir nota de cara a avaliación trimestral e final.

Será importante a consulta semanal da aula virtual para o seguimento e reforzo dalgunhos aspectos da materia. O aprendizaxe autónomo, así como o desenvolvemento do pensamento crítico, considéranse parte esencial do proceso de ensinanza-aprendizaxe desta asignatura.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material e recursos EPVA

MATERIAL

O seguinte material, especificado na aula virtual, traerase tódolos días á clase como norma xeral a non ser que se especifique o contrario.

Lapis de grafito de dureza HB e lapis 2B (sempre afilados).

Portaminas: tamaño 0.5 e con punta metálica alargada (evitaremos as puntas cónicas).

Goma branda.

Afialapis.

Regra de 30 cm de lonxitude (rígida, non flexible).

Escuadra e cartabón de uns 25/28 cm, sen cantos escalonados e preferiblemente sen graduación.

Compás: mellor se permite dobrar as súas patas hacia adentro para facilitar o trazado de arcos pequenos.

Caixa de lápices de cores de 24 unidades.

Folios A4 blancos e/ou reciclados.

Nota: Ó longo do curso, faremos distintas actividades nas que ocasionalmente poderemos necesitar outro tipo de material non especificado na PD (cartulina, tintas, pinceis, revistas vellas...).

Nese caso a profesora especificará o material antes da clase. En calquera caso non traer o material necesario para o traballo na aula poderá penalizar a nota do traballo en cuestión.

RECURSOS

A aula específica de debuxo estará disponible para os cursos de 1º, 3º e 4º de ESO.

Por norma xeneral, as clases daranse na aula de debuxo. En ocasións puntuais poderanse plantexar actividades no patio escolar ou na biblioteca, sempre que esten disponibles estes espazos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	20	20	33	24
Táboa de indicadores	80	80	67	76

Criterios de cualificación:

Os distintos procedementos de avaliación empregados na presente PD, como a observación directa e sistemática do traballo do alumnado na aula, as probas orais e escritas e o portfolio, permitirán a integración xeral de tódalas competencias.

Empregaranse os seguintes criterios de calificación por trimestres:

1º Trimestre:

Rúbrica (traballos): 80%

Rúbrica (probas escritas): 20%

2º Trimestre:

Rúbrica (traballos): 80%

Rúbrica (probas escritas): 20%

3º Trimestre:

Rúbrica (traballos): 67%

Rúbrica (probas escritas): 33%

A calificación total do curso calcularase mediante a media aritmética dos 3 trimestres, otorgándolle un 33,33% de peso a cada un deles.

Criterios de recuperación:

Ó longo do curso o alumnado poderá, como norma xeral e sempre que a súa implicación na materia fora positiva, volver a repetir aquelas actividades que estean suspensas e considere mellorar a súa calificación.

Para isto, establecerase unha data límite para as entregas dos traballos de recuperación do 1º e 2º trimestre (1 de Xuño), co obxectivo de que o alumnado poida recuperar estes trimestres e así centrarse ata o final de curso na superación do 3º trimestre.

Estes traballos de recuperación serán unha selección daqueles fundamentais para comprobar a adquisición dos coñecementos considerados esenciais na materia de EPVA.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO DO ALUMNADO CON EPVA PENDENTE:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais, se así o requirira o alumnado e sempre mediante cita previa.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas a través da aula virtual da asignatura, a través de entregas de traballos que serán recollidos a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 33.33%

- 2ª entrega: 33.33%

- 3ª entrega: 33.33%

PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha única proba teórico-práctica en Xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

A presente PD elabora e diseña diferentes tipos de materiais, adaptados ós distintos niveis e ritmos de aprendizaxe, deixando sempre aberta a posibilidade de profundizar máis ou menos según a idiosincrasia propia de cada grupo. A continuación, detallamos as medidas xerais e específicas para aqueles casos de ACNEAE máis presentes nas aulas.

Medidas educativas xerais:

Como primeira medida xeral, adaptaremos sempre ó nivel do grupo e seremos flexibles á hora de organizar as actividades, relentizando o proceso se fora necesario facer un repaso de cuestións vistas en cursos anteriores despois da avaliación inicial ou outros momentos do curso escolar. A variedade metodolóxica empregada na presente PD e nas distintas UD favorece actividades de diferente carácter (individuais, en parellas, en grupos, de investigación, de resolución de problemas, de experimentación...) que van ir adaptándose á diversidade presente entre o alumnado de educación secundaria.

Medidas educativas específicas (exemplos).

Alumnado TDA/TDAH

Un alumno/a que presenta "Trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade" xeralmente manifiesta un patrón persistente de desatención e/ou hiperactividade impulsiva, que pode repercutir negativamente no seu rendimento escolar, polo que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Adaptación da metodoloxía:

- Facer preguntas sencillas e de maneira frecuente.
- Acercarse ó alumno/a se vemos que está perdendo o fío da explicación.
- Complementar a información oral e escrita coa información visual.
- Escribir na pizarra ou a Aula Virtual as tarefas a realizar para a próxima entrega.
- Permitir que se levante e adxudicarlle tarefas como limpiar o encerado ocasionalmente.
- Asegurarnos de que anota na axenda as tarefas e o material necesario ou mandar abalar á casa.

Adaptación das actividades e tarefas:

- As distintas actividades plantexan distintos grados de adquisición dos contidos e competencias.

Adaptación dos recursos didácticos, tempos e espazos:

- Colgar videos na Aula Virtual como material complementario ó visto na aula.
- Colocar ó alumno/a cerca da pizarra e o profesor.
- Emplear técnicas de aprendizaxe colaborativo; en parellas e grupos.
- Deixarlle descargar tensión se fora necesario, saíndo ó servizo fóra da clase de maneira ocasional.

Adaptación de procedimentos e instrumentos de avaliación:

- Avisar con antelación da realización de probas escritas ou orais.
- Revisar con él/ela as preguntas para asegurarnos que entendeu o que se pide.
- Avaluar de forma continua, valorando o proceso de traballo e non só o resultado final.

Alumnado AACCCII

Un alumno/a que presenta "Altas capacidades intelectuais" manexa e relaciona múltiples recursos cognitivos ou ben destaca especialmente nun ou varios deles, polo que pode presentar necesidades específicas de apoio educativo.

Adaptación da metodoloxía:

- Utilizar unha metodoloxía aberta e flexible.
- Fomentar o diálogo e a comunicación, así como unha atmósfera na aula de respecto e comprensión.
- Programar actividades para o desenvolvemento social e afectivo do alumnado.
- Facilitar a autonomía no proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o pensamento diverxente e independente no alumnado.
- Utilizar a ensinanza tutorizada, poidendo axudar de maneira puntual ó alumnado que necesite reforzo.

Adaptación das actividades e tarefas:

- As distintas actividades plantexan distintos grados de adquisición dos contidos e competencias.

Adaptación dos recursos didácticos, tempos e espazos:

- Organizar os espazos na aula de forma flexible (mesas individuais, en parellas ou grupos).
- Crear rincons na aula e no centro educativo que favorezcan a ampliación de coñecementos, tamén fóra do horario da materia.
- Poñer á súa disposición material bibliográfico ou videográfico que poidan consultar para ampliar o seu coñecemento da materia.

Adaptación de procedimentos e instrumentos de avaliación:

- Propoñer actividades que permitan diferentes grados de profundización.
- Empregar programas informáticos para a realización de traballos de investigación nalgún aspecto da materia, sempre que os recursos do centro de ensino así o permitan.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X
ET.4 - Competencia dixital			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	
ET.11 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un museo da contorna	Visita guiada pola colección temporal ou permanente dun museo da localidade.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
Metodoloxía empregada
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Utilizo diferentes tipos de probas: probas escritas / exposicións orais / traballo individual / traballo en equipo.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
(O) Adapto a diversidade dos traballos ó material e os recursos existentes na aula e no centro educativo.
Medidas de atención á diversidade
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Clima de traballo na aula
(CL) Foméntase o traballo en equipo e un clima de colaboración na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
(F) Favorécese o contacto coas familias e/ou os titores naqueles casos que se considere necesario para a evolución positiva do alumnado de cada á materia.

Descrición:

a) Indicadores de logro do proceso de ensino (escala do 1 ó 4):

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. O alumnado e as familias teñen acceso a programación
8. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
10. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
11. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
12. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
13. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
14. Ao comezo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e competencias que se van traballar, as actividades a realizar e como se van avaliar

b) Indicadores de logro da práctica docente (escala do 1 ó 4):

1. Fanse explicacións xerais con claridade para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. As actividades foron variadas e motivadoras.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
13. Valórase o traballo e o esforzo

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregarse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados